

## PROXECTO “RESTARUACIÓN DA BIODIVERSIDADE E DO ECOSISTEMA MARIÑO PRAIA DE DOMAIO (ZONA A) (PE209B-2020F-004)”

Este proxecto está regulado por as axudas concesión de axudas para o ano 2020, en réxime de concorrencia competitiva, a proxectos colectivos, financiados polo FEMP, para a conservación e restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños no marco de actividades marisqueiras sustentables, tramitada como anticipado de gasto.(Código de procedemento PE209B).

Para a realización deste proxecto, se concedeu unha axuda 5.856,00€ a Confraría de Pescadores San Martín de Moaña.

### Obxectivo

Preténdese unha mellora social, medioambiental e de produtividade co aumento da diversidade específica e favorecer o recrutamento de bivalvos de interese marisqueiro no banco de Domaio VI-072.

### Actividades executadas:

- Limpeza e remoción do substrato ( $842,50\text{ m}^2$ ). Diminuímos a descompactación do terreo e melloramos a oxixenación.
- Repoboación de 252.750 ud. ameixa babosa.

